

AUDIOVISUAL	A AUGA NA NATUREZA
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Recoñecemento da auga como recurso imprescindible para a vida.</li> <li>· Comprender a importancia e relación da auga na biodiversidade da Terra.</li> <li>· Coñecer a fauna e a flora que vive na nosa cidade.</li> <li>· Coñecer a fauna e a flora que vive no curso do río Mero.</li> <li>· Aprender o respecto pola natureza.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Distribución da auga.</li> <li>· A auga do río Mero.</li> <li>· Os animais e plantas que viven no curso do río Mero.</li> <li>· A auga da nosa cidade.</li> <li>· Os animais e plantas que forman os ecosistemas acuáticos presentes na ruta da auga da nosa cidade.</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	Charla-coloquio co apoio dun audiovisual interactivo que incorpora vídeos sobre os ecosistemas acuáticos presentes na ruta da auga da nosa cidade. Estes vídeos serven de ferramenta para un maior interese e comprensión dos contidos a tratar.
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LCD

AUDIOVISUAL	A RUTA DA AUGA NA CORUÑA
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Recoñecer a ruta que segue a auga na nosa cidade dende a súa captación ata a súa devolución.</li> <li>· Reflexionar sobre os usos sociais da auga.</li> <li>· Valorar a importancia da súa utilización responsable.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· ciclo da auga na nosa cidade: captación, potabilización, usos da auga e depuración</li> <li>· Os estados físicos da auga.</li> <li>· Aforro e uso responsable da auga na nosa casa e na cidade.</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	Abordaremos os diferentes contidos mediante unha proxección e unha charla explicativa. Inclúense xogos interactivos co fin de favorecer a participación. Tamén se incorporan animacións en flash para unha maior comprensión dos contidos a tratar.
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LDC

XOGO	A VIDA NO RÍO
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Comprender o impacto da influencia humana na natureza.</li> <li>· Participar en situacións que requiran a comunicación e o entendemento para resolver un problema.</li> <li>· Desenvolver aptitudes respectuosas coa natureza.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· A influencia humana na natureza: destrución de ecosistemas.</li> <li>· A conservación do medio.</li> <li>· Identificación dunha problemática ambiental.</li> <li>· Participación en situacións comunicativas que se dan no xogo (conversación, debate...).</li> <li>· Identificar os compoñentes dun ecosistema acuático.</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	Trátase dun xogo que promove a comunicación e a actitude crítica. Formularanse diversos problemas ambientais que afectan á calidade da auga e aos ecosistemas acuáticos no ámbito dun río. Por equipos, deberán saber identificar os devanditos problemas e chegar a unha solución entre todos.
Recursos necesarios	Taboleiro-maqueta dun río. Elementos naturais e artificiais. Fichas de avance do xogo. Tarxetas cos problemas a resolver.
XOGO	A AUGA NA CORUÑA
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Comprender a importancia da conservación do recurso da auga para lograr un desenvolvemento sostible.</li> <li>· Coñecer e comprender o ciclo da auga na natureza.</li> <li>· Analizar e comprender os distintos parámetros da auga.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· ciclo da auga na nosa cidade. Captación, potabilización, usos da auga e depuración.</li> <li>· Os estados físicos da auga.</li> <li>· Aforro e uso responsable da auga na nosa casa e na cidade</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	Trátase de recordar todas as etapas polas que pasa a auga dende que está nos ríos ata que, unha vez usada e depurada, é devolta novamente ao mar. Para iso, formaranse equipos que avanzarán no xogo ao realizar as distintas tarefas que se formulan, como preguntas, probas ou pequenos experimentos.
Recursos necesarios	Dado xigante, taboleiro ruta da auga, fichas preguntas e probas, medidor de aforro, tarxetas de hábitos de consumo, tarxetas de elementos.

VISITA	DE EXPEDICIÓN POLO RÍO MERO
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Coñecer e identificar a flora e fauna do río Mero. Identificar o papel río Mero dentro da ruta da auga.</li> <li>· Aprender a utilizar o material de investigación e guías de campo infantís.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Fauna e flora do río Mero.</li> <li>· Manexo de material de campo (prismáticos, lupas, guías de campo infantís, etc.).</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	Percorrido guiado polas marxes do río Mero. Na visita os participantes poderán realizar un estudo dun ecosistema acuático, para o que contarán con diverso material de campo (prismáticos, lupas, guías de campo infantís, etc.).
Recursos necesarios	Mapa xigante, libro de imaxes, prismáticos, lupas, guías de campo infantís, elementos naturais e artificiais para mostrar durante a visita.
VISITA	A PLANTA POTABILIZADORA DE A TELVA
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Coñecer o funcionamento e a finalidade da ETAP da Telva.</li> <li>· Identificar os procesos de potabilización da auga.</li> <li>· Recoñecer a nosa implicación e responsabilidade no uso da auga potable.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· A importancia da potabilización da auga.</li> <li>· percorrido da auga na ETAP da Telva.</li> <li>· Procesos físico-químicos na depuración da auga.</li> <li>· Potabilización en laboratorio dunha mostra de auga contaminada.</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	A visita á ETAP da Telva ofrece aos participantes a posibilidade de coñecer todas as fases de potabilización da auga que chega ás súas casas. Un técnico realiza unha charla introdutoria e un percorrido guiado pola Planta. Para a mellor comprensión da visita, a instalación conta con maquetas, módulos interactivos e material de laboratorio.
Recursos necesarios	ETAP da Telva, maquetas, módulos interactivos, material de laboratorio.
VISITA	A PLANTA DEPURADORA DE BENS
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Coñecer o funcionamento e a finalidade da EDAR de Bens.</li> <li>· Identificar os procesos de depuración da auga.</li> <li>· Recoñecer a nosa implicación e responsabilidade no proceso de uso e depuración de auga.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· A importancia da depuración da auga.</li> <li>· O percorrido da auga na EDAR de Bens</li> <li>· Procesos físico-químicos na depuración da auga</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	A visita á EDAR de Bens ofrece aos participantes a posibilidade de coñecer todas as fases de depuración da auga, dende que sae polos desaugadoiros das súas casas ata que se verte ao mar. O Persoal técnico realiza unha charla introdutoria e un percorrido guiado pola Planta. Para a mellor comprensión da visita, a instalación conta con maquetas, módulos interactivos e material de laboratorio.
Recursos necesarios	EDAR de Bens, maquetas, módulos interactivos, material de laboratorio.